A Ponte dos Cabalos



É unha ponte medieval que se fixo no ano 970 e que serve para cruzar o río Arnego no límite dos Concellos de Lalín e Agolada.

É una ponte de dous ollos compostos de arcos de medio punto. A ponte susténtase nos laterais do leito do río, de rocha granítica. Arranca cunha cimentación con pezas irregulares para despois trazar os arcos en cantería ben rematada. Ten un parteaugas de base asimétrica e un taboleiro cunha anchura considerable. A ponte formaba parte dun Camiño Real e para pasar por ela pagábase o pontádego ou parata e nela aconteceron episodios bélicos na guerra da independencia e nas guerras carlistas..



Construción orixinaria da ponte executada en silleria.

Primeira reparación executada en sillarexo.

Segunda reparación executada en cachotería ordinaria.

Terceira reparación executada en cachotería ciclópea.

Apertura dun canal de paso de augas.

Fonte: Estudo histórico-artístico da Ponte dos Cabalos (Lucía Espiño López).

Unha restauración necesaria

A restauración da ponte proxectouse no ano 2018 e executouse en 2020. As actuacións deben servir para garantir a súa conservación, pero introduciron dous elementos controvertidos: o peitoril e as escaleiras.